



Concello de Cuntis

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DOS CONCELLOS DE BARRO, CALDAS DE REIS, CUNTIS, MORAÑA E PORTAS.

PRIMEIRA: CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.

1.- **OBJECTO DA CONVOCATORIA.-** A presente convocatoria ten por obxecto a contratación de persoal funcionario interino por execución de programa, para creación e posta en funcionamento dun Servizo de Atención Temperá de xestión compartida, nos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas, ao abeiro da Orde do 27/03/2018, DOG nº 72 do 13/04/2018 para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo P.O. FSE Galicia 2014-2020. O Programa está previsto que finalice o 31 de outubro de 2018.

Os postos a cubrir son:

- 1 Psicólogo/a ou Psicopedagogo/a
- 1 Logopeda
- 1 Terapeuta ocupacional ou Fisioterapeuta

2.- FUNCÍONS:

As funcións das/os profesionais que traballan nas Servizos de Atención Temperá (SAT) da Rede Galega de Atención Temperá son as seguintes:

- Valoración de situacións de risco, dificultades e trastornos do desenvolvemento da comunicación, a linguaxe e a fala
- Deseño e avaliación de programas personalizados de intervención para o neno a familia e a contorna.
- Intervención directa cos nenos e nenas e as súas familias segundo as súas necesidades
- Elaboración de documentación técnica e pautas individualizadas
- Información e asesoramento a familias en sistemas alternativos de comunicación e desenvolvemento da linguaxe.
- Apoio emocional, social, informativo e formativo no relacionado coa información diagnóstica



Concello de Cuntis

- Información, orientación e apoio relacionado co desenvolvemento persoal e as necesidades cotiás
- Coordinación cos profesionais implicados no proceso de intervención dos menores: pediatría, neonatoloxía, OTR, neuropediatría, servizos sociais e educativos, etc.
- Elaboración de protocolos de valoración específicos
- Derivación a outros servizos específicos
- Elaborar guías de apoio para pais e profesionais
- Elaborar o plan de acción anual e memoria
-

3.- ENTIDADE CONTRATANTE.- Será o Concello de Cuntis, como representante da agrupación de concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas, quen realice a contratación, mediante contrato laboral de duración determinada. As características contractuais de cada posto de traballo son:

- 1 Psicologo/a ou Psicopedagogo/a. Contrato a xornada completa, Grupo I
- 1 Logopeda. Contrato a xornada completa, Grupo II
- 1 Terapeuta ocupacional ou Fisioterapeuta. Contrato a media xornada, Grupo II

SEGUNDA: REQUISITOS PARA CONCORRIR Á CONVOCATORIA.

CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.-

1.- Estar en posesión da seguinte titulación:

Grado Psicoloxía/Psicopedagogía, ou equivalente, para o posto de psicólogo/a ou psicopedagogo/a; Grado Logopedia ou equivalente para o posto de logopeda, e Grado en Fisioterapia /Terapia Ocupacional ou equivalente, para o posto de fisioterapeuta ou terapeuta ocupacional.

2.- As/os aspirantes deberán reunir todas e cada unha das condicións seguintes:

- a) Ter nacionalidade española. Polo que se refire ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados estarase ao disposto no artigo 57 da lei 7/07 de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar os límites a efectos de xubilación na lexislación aplicable.
- c) Estar en posesión da titulación mínima esixida para a que se solicite a participación.



Concello de Cuntis

- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non atoparse en situación de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- f) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir.
- h) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) ou equivalente. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

Os requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- As solicitudes formalizaranse conforme o modelo de instancia normalizado que figura no **ANEXO I**, onde manifesten que reúnen todas e cada una das condicións esixidas na base anterior, referidas á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. Este modelo de documento será o único válido para solicitar a participación na selección. Xunto coa instancia (ANEXO I) achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do carné de conducir
- Fotocopia da titulación académica esixida
- Acreditación de coñecemento da Lingua galega (CELGA 4). Para as persoas que non presenten esta acreditación, farase unha proba escrita
- Currículo vitae e fotocopia dos méritos alegados no mesmo
- Vida laboral
- Certificado de carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais

Para facilitar a valoración dos méritos, acompañarase o **ANEXO II** debidamente cuberto.

Só se valorarán os méritos alegados no currículo e acompañados de xustificación documental (fotocopia dos mesmos).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación da solicitude.



Concello de Cuntis

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

2.- Farase unha oferta pública de emprego a través dun diario dos de maior difusión na provincia e publicación nos taboleiros de anuncios dos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas, así como no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cuntis.

As bases que rexen a convocatoria e proceso selectivo serán publicadas no nos taboleiros de anuncios dos concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas e nas súas respectivas páxinas Web, así como no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cuntis.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO DÍAS HÁBILES (5), contados a partir do seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria.

3.- As solicitudes xunto coa documentación esixida deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis, sito na Praza da Constitución nº 4, dentro do horario de atención ó público (días laborables, de luns a venres de 9:00 a 13:00 horas), ou a través da Sede electrónica do concello de Cuntis (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/>)

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CANDO A SOLICITUDE NON SE FAGA DIRECTAMENTE NO CONCELLO DE CUNTIS, DEBERÁ ANUNCIARSE A SÚA CHEGADA A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO servizossociais@concellodecuntis.es, ANTES DA DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, enviando o Anexo I debidamente cuberto co selo de entrada no rexistro correspondente, para desta maneira ter coñecemento o Concello da presentación da mesma. Sen a ocorrencia deste requisito, non será admitida a instancia se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo de presentación.

CUARTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso de valoración de méritos, e entrevista, na que se valoraran coñecementos propios do posto de traballo a desempeñar, aspectos relacionados coa experiencia profesional con infancia e familias, motivación, empatía e capacidade para conectar cas persoas usuarias, a actitude persoal



Concello de Cuntis

para a atención as familias, á infancia e para o traballo en equipo. A puntuación que se obteña será a resultante da fase de concurso de méritos que puntuará o 75% da puntuación total, e a fase de entrevista, que puntuará o 25% .

Incluirá unha proba de galego para aquelas persoas que non acrediten o seu coñecemento mediante a certificación do CELGA IV.

Concluída a fase de concurso e a proba de galego, se fose o caso, xunto coa a entrevista, o Tribunal fará públicos os resultados provisionais no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cuntis. As/os candidatas/os disporán de tres días hábiles (3) dende a publicación da listaxe provisional para facer as alegacións ou consultas que consideren oportunas. Unha vez resoltas, publicarase a listaxe definitiva por orde de puntuación e farase a proposta de nomeamento ao Alcalde-Presidente no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cuntis.

Tendo en conta a proposta efectuada polo tribunal o Alcalde-Presidente do Concello de Cuntis, ditará resolución de contratación dos/as aspirantes seleccionados/as.

No caso de empate terá prioridade o/a candidato/a que acredite maior puntuación no seguinte orde:

- 1) Quen acredite máis experiencia profesional en igual posto de traballo
- 2) Quen acredite unha segunda titulación das referidas no apartado a)
- 3) Quen acredite un Máster específico sobre os contidos do posto de traballo
- 4) Quen acredite mais horas de formación relacionada cos contidos do posto de traballo

QUINTA: COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal cualificador estará composto da seguinte maneira:

- Presidencia: 1 profesional do SAT de Noia.
- Secretaría: secretaria do Concello (Cuntis). Suplente: funcionaria/o do Concello de Cuntis.
- Vocais: 1 membro da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), con titulación similar as que se convocan neste proceso selectivo, a educadora familiar de Cuntis, a traballadora social de Caldas de Reis e a traballadora social de Barro.

Suplentes: Traballadoras sociais de Portas e Cuntis, educador familiar de Caldas de Reis e educadora familiar de Portas.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse cando concorran algunha das causas previstas no artigo 29 da Lei 30/92, podendo os aspirantes, recusar ós membros do mesmo cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da citada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos



Concello de Cuntis

seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario. Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

SEXTA: BAREMO XERAL DA PROBA SELECTIVA (puntuación total 18 puntos).

1.- FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS. Puntuación: 13,5 puntos

A) Aptitude profesional (máximo 4 puntos):

- * Titulación obrigatoria para o posto..... Non se puntúa
- * Outra titulación superior relacionada que non sexa a titulación principal
.....1 punto
- * Estar en posesión de Máster relacionado co posto de traballo a desempeñar
.....3,5 puntos

B) Experiencia profesional (máximo 6 puntos):

- * Por servizos prestados en igual posto de traballo, acreditados mediante a presentación do correspondente contrato e vida laboral0,15 puntos por mes traballado
 - * Por servizos prestados para posto similar acreditados mediante a presentación do correspondente contrato e vida laboral0,05 puntos por mes traballado
- Nota aclaratoria.- Considérase ter traballado en igual posto de traballo cando se acredita ter traballado en STAND, SAT ou UDIAF da Rede Galega de Atención Temprá. Considérase posto similar, cando se teñan desempeñado traballos relacionados co desenvolvemento infantil e apoio familiar, en entidades públicas ou privadas.*

C) Formación complementaria axeitada ao posto (ata un máximo de 3,5 puntos)
Cursos de formación relacionados directamente coas funcións do posto que se vai a desempeñar, acreditados mediante a presentación de certificacións ou diplomas xustificativos da súa realización, onde figuren expresamente o número de horas.

- * Por cursos de máis de 20 horas de duración.....0,05 puntos por cada 20 horas de curso, segundo a seguinte fórmula:

$$(N^{\circ} \text{ de horas} / 20) \times 0,2$$

Nota aclaratoria.- So se valoraran cursos, xornadas ou seminarios relacionados cos contidos do posto de traballo. No suposto de que non exista constancia da duración dos mesmos, non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do



Concello de Cuntis

contido dos cursos cando este non se deducise da propia denominación dos mesmos. Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente un número mínimo de horas que o compoñen estea relacionado co posto ó que se pretende optar. As actividades formativas que se realicen de forma modular e que se obteñan certificacións parciais, teranse en conta sempre e cando se acrediten debidamente cos correspondentes certificados.

2.- FASE DE ENTREVISTA. Puntuación: 4,5 puntos

Para avaliar os coñecementos que as persoas candidatas teñen sobre o traballo nun Servizo de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá realizaranse 3- 5 preguntas que versarán sobre os seguintes temas:

- Decreto Rede Galega de Atención Temperá
- Libro Branco de atención temperá. Axenda de Atención Temperá de Galicia, 2015- 2017, Xunta de Galicia
- A prevención en Atención Temperá. Niveis e actuacións
- Signos de alarma no desenvolvemento infantil na etapa 0 a 6 anos
- Avaliación e diagnóstico en nenas e nenos con distintos trastornos evolutivos
- Programa personalizado de atención . Factores e recursos a ter en conta na intervención.
- Familia, escola e comunidade. Relacións e papel do equipo de Atención Temperá

SÉPTIMA: CONTRATACIÓN.

O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación ao Alcalde- presidente do Concello a favor do/a aspirante que obtivese a puntuación máis alta. Aprobada por decreto de Alcaldía a proposta do Tribunal, notificarase á persoa interesada para que asine o contrato laboral.

A persoa seleccionada deberá presentar na Secretaría da Corporación dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á presentación pública da cualificación final a que se refire a Base anterior, os orixinais de toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na base terceira, a saber

1. Documento Nacional de Identidade
2. Carné de conducir
3. Certificado médico



Concello de Cuntis

2.Titulación e demais méritos alegados

3.Declaración sobre incompatibilidade e incapacidade para contratar.

4.No caso de haber traballado anteriormente, cartilla de afiliación á Seguridade Social.

Así mesmo, a persoa seleccionada deberá presentar certificado médico que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións como se sinala na base segunda, punto 3, b.

A persoa finalmente contratada prestará os seus servizos segundo o contrato correspondente, sen que en ningún caso adquiren ningún dereito a incluírse no cadro de persoal fixo do Concello.

Quen dentro do dito prazo ou, do da prórroga de outros dez (10) días naturais solicitada e concedida por causa de forza maior, non presentasen a documentación, quedarán automaticamente decaídos no seu dereito, non podendo ser contratados.

OITAVA: CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE SUPLENTES.

Por orde de puntuación designaranse 2 suplentes que pasarán a formar parte dunha bolsa de substitución.

No suposto de que a persoa aspirante a face-la substitución non se poña en contacto co Concello nun prazo máximo de 48 horas, despois de recibir a pertinente comunicación, a Alcaldía poderá acorda-lo chamamento ó seguinte aspirante da lista, quedando eliminado/a o/a primeiro/a aspirante.

NOVENA: CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As Bases da presente convocatoria vinculan á Administración, a quen participen na convocatoria e ó Tribunal Cualificador, facultado para resolver tódalas dúbidas que poidan xurdir no desenvolvemento das probas.

DÉCIMA: RECURSOS E IMPUGNACIÓN.

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán se impugnadas polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



Concello de Cuntis

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DOS CONCELLOS DE BARRO, CALDAS DE REIS, CUNTIS, MORAÑA E PORTAS.

D/Dª

con D.N.I., con domicilio a efectos de notificacións na rúa....., nº, piso....., letra....., código postal teléfono..... e con titulación académica:

MANIFESTA que, enterado/a do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos, con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

DECLARA ou PROMETE non ter sido separada/o do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

DECLARA ou PROMETE que está en posesión dos orixinais da documentación que presenta como méritos para esta proba selectiva, para a súa comprobación en calquera momento que se pida

SOLICITA : Ser admitido/a para participar no proceso selectivo previsto ao efecto.

IMPRESINDIBLE ACOMPAÑAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- CURRÍCULO VÍTAE
- FOTOCOPIA DO D.N.I.
- FOTOCOPIA DO CARNET DE CONDUCIR
- FOTOCOPIA DOS MERITOS ALEGADOS, NO CASO DA EXPERIENCIA LABORAL ACREDITARASE MEDIANTE VIDA LABORAL ACOMPAÑADA DE CONTRATOS DE TRABAJO OU CERTIFICADOS DE EMPRESA
- ANEXO II

Cuntis, de de 2018

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS

ANEXO II. MERITOS ALEGADOS PARA VALORACIÓN DE CURRICULUM

1 . TITULACION

Titulación de acceso ó posto solicitado

Nome	ANO

2ª Titulación



Concello de Cuntis

Nome	ANO

2. EXPERIENCIA LABORAL

Entidade	Posto desempeñado	Duración meses ou fracción

3. FORMACION RELACIONADA CO POSTO DE TRABALLO

Nome do curso (soamente de mais de 20 h.)	ANO	Duración horas

En, de de 2018.
Sinatura



Concello de Cuntis
